

Cousas a ter presentes en caso de Evacuación:

- Debedes traballar cos alumnos nas aulas, tanto as normas que vos remito como cal será o camiño de evacuación. Os novos planos xa teñen cores que coinciden coas frechas das paredes nos pisos e coas do chan no hall.
- O sinal de comunicación xeral será transmitido simultaneamente a todo o edificio do seguinte xeito:
 - **Para a Evacuación: dúas pulsacións curtas (2 segundo +-), e unha longa (10 segundo +-).**
 - **Para o Remate: unha pulsación longa e dúas curtas.**
- Ao escoitar o sinal, tódolos ocupantes do centro escolar deben dirixirse ao espazo exterior, PUNTO DE REUNIÓN, que serán as canchas deportivas exteriores.
- A orde de evacuación das aulas irá da máis achegada á saída ata a máis afastada.
- Unha vez no exterior cada profesor/a deberá colocarse ao fronte do seu grupo, formando unha fila inconfundible cada profesor, e asegurarse que o número de alumnos coincide cos que estaban na aula. Unha vez realizado o recento cada profesor/a dirixirase ao **Director/a do Simulacro** para informar.
- O profesorado de garda que non estea na aula procederá de igual modo, asegurándose que os alumnos que debe custodiar saian e se sitúen onde lles indique no exterior.

O DIRECTOR

CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ

NORMAS PARA O PROFESORADO

- ✓ Informarse de todo o referido ó plan de evacuación
- ✓ Coñecer o número de escolares que hai no grupo que teña ao seu cargo durante a sesión en que lle imparta clase.
- ✓ Non debe transmitir nerviosismo ao alumnado.
- ✓ Convidará aos alumnos á saída ordenada da clase e en silencio, unha vez todos no corredor comprobará que non quede ninguén dentro e procederá a pechar fiestras e portas.
- ✓ Cada docente comprobará que non falta ninguén do seu grupo facendo o reconto pertinente.
- ✓ Debe conducir aos alumnos ata a saída de emerxencia intentando que vaian en silencio e en orde, sempre diante do alumnado.
- ✓ Ten que despxear o camiño de saída en caso necesario co obxecto de evitar posibles caídas, por iso debe ir diante.
- ✓ Designará a unha ou varias persoas que se encarguen de evacuar ou quedar acompañando ás persoas con discapacidade ou dificultades motrices permanentes e/ou transitorias se as houbera.
- ✓ Seguir a vía de evacuación, flechas da cor correspondente a aula, establecida nos planos.
- ✓ No exterior, cada docente permanecerá co seu grupo ata que remate a emerxencia e comprobará que non falte ningún membro do grupo.
- ✓ Informar ao director de emerxencia.
- ✓ Esperaremos no punto de reunión ata que o Director da Emerxencia dea por rematada a situación de emerxencia.

NORMAS PARA O ALUMNADO

- ✓ É preciso esperar sempre á orde do profesor antes de saír, escoita con moita atención as instrucións do profesor, nestas situacións cómpre manter sempre a calma.
- ✓ Tes que deixar a tarefa que estás facendo e centrarte na nova situación de emerxencia.
- ✓ Deixa os teus obxectos persoais na aula.
- ✓ Non abras nin portas nin fiestras.
- ✓ Non corras, nin empuxes aos demais, nin atropelas aos compañeiros.
- ✓ Fai a evacuación tranquilo.
- ✓ Trata de ir en orde, camiña en silencio, pegado á parede e respectando a fila para permitir o acceso do equipo de salvamento.
- ✓ Debes camiñar con axilidade, pero nunca correndo, evitar carreiras e aglomeracións. Seguir as flechas da cor que corresponda a túa aula.
- ✓ Non te deteñas xunto ás portas de saída.
- ✓ Non trates de volver atrás para buscar algún obxecto persoal, nin co pretexto de buscar irmáns pequenos ou amigos.
- ✓ Non te separes do teu grupo.
- ✓ Se no momento da alarma te atopas fóra da túa clase incorpórate ao primeiro grupo que encontres e unha vez fóra únete ao teu grupo de novo.
- ✓ Debes manterte co grupo unido no punto de reunión exterior (P.R.E) ata que se indique o fin da emerxencia .